

DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2026
HOMENAXE Á XORNALISTA E ESCRITORA
BEGOÑA CAAMAÑO

ROSALÍA DE CASTRO

ESCRITORA GALEGA, UNHA DAS ARTÍFICES DO REXURDIMENTO


“Dende que nacín, sempre busquei compañía, amparo e axuda”.



Redactoras e redactores:

Natalia Coman,
Pedro Estévez de Carrillo.
Juan Giráldez Dafonte.
Ignacio Gómez Garrapucho,.
Nicolás Lobo Ameijeiras,.
Keila M^a de la Paz Cervantes.
Iago Vaamonde Ces.

3º ESO E



Natalia- Bos días, Rosalía! En primeiro lugar, moitas grazas por vir ao IES Eusebio da Guarda e concedernos esta entrevista exclusiva.

Rosalía- Non hai de que. É un pracer que me teñades invitado.

Natalia- Daquela, imos pois coas preguntas. Rosalía, a túa partida de nacemento recolle que fuches “filla de pais incógnitos”, ao ser filla de solteira e dun crego. Como che marcou esa circunstancia? Rosalía- Moito, moito, filliña. En efecto, como moi ben dis, fun filla natural do crego José Martínez Viojo, capelán da igrexa de Iria e de María Teresa de la Cruz Castro y Abadía, de familia fidalga, pero de escasos recursos económicos. Se se daba este caso, as leis daquela época non permitían que a criatura se criase os primeiros anos de vida con ningún dos proxenitores, así que meu pai lles encargou ás miñas tías que coidasen de min mentres viviu, na aldea de Ortoño. Foi duro, rapaza, porque vía como os demais nenos e nenas da miña idade estaban cos seus pais.

Pedro- Que sentiches ao casar con Murguía, unha figura tan importante do Rexurdimento?

Rosalía- Murguía sempre me animou a escribir, porque el estaba fortemente convencido do meu talento, cousa que eu nunca crín que o tiña. Fíxate, mozo, que ata lles pedín ás miñas fillas pouco antes de que eu morrese, que queimasen os meus manuscritos. E fixérono. Ai! Como se enfadou o pai! Seica lles dixo: “Queimastes a súa gloria e a vosa fortuna!”.

Juan- Como muller escritora na túa época, tivéchelo fácil?

Rosalía: Non, para nada foi doado. Tiven que enfrontarme a enormes dificultades: envexas, machismo, desprezos, E ata a min mesma, que disque sempre fun moi modesta; sempre insistín no escaso valor do que facía. O coitado do meu Manolo alentoume moito, pero daquela escribir era cousa de homes. Fíxate que, ademais, moitas mulleres da miña época tiveron que asinar as súas obras con nomes masculinos para poderen velas publicadas.

Ignacio- O teu home foi Manuel Murguía. Sabemos que foi, ademais dun excelente historiador e impulsor do Rexurdimento galego, director do Archivo General de Simancas (Valladolid). Por este traballo tiveches que vivir tempadas fóra de Galicia; como foi esa experiencia?

Rosalía- Ai! Foi unha etapa moi dura porque sentía moita dor, moita morriña estando lonxe da miña terra. Foron dous anos duros; porén, foi aló onde escribín gran parte das composicións recollidas en Follas novas. Por sorte, xa dende 1870 non saín de Galicia.

Raquel- Casaches con Murguía cando tiñas 21 anos. Para nós, a mocidade de agora, casar a esa idade é moi cedo, pero era normal facelo na túa época?

Rosalía- Se che digo a verdade, mociña, como nos pasou a tantas mulleres daquela, eu crin que só se alcanzaba a realización persoal plena no ámbito do matrimonio. Ademais, dende que nacín, sempre busquei compañía, amparo e axuda.

Raquel- E tivestes fillos?

Rosalía- Ai, si. Nada menos que sete! Alejandra, Aura, Gala e Ovidio (xemelgos), Adriano Honorato Alejandro e Valentina. Pobriños Adriano e Valentina! Levounos Deus axiña! Adriano morreu por unha caída e a coitadiña de Valentina xa naceu morta.

Nicolás- Moitas grazas por vir ao noso instituto. Xa coñecías A Coruña?

Rosalía- Claro que si! Mesmo vivín nove anos na vosa fermosa cidade, de 1870 ao 1879, concretamente nun edificio do século XVIII con cinco andares, na rúa Príncipe 3, na Cidade Vella. Alí ocupamos un dos pisos e foi onde naceu a nosa quinta filla, Amara. Parece ser que moito tempo despois puxeron na fachada do inmobile unha placa que lembra isto.

Keila- Como foi a convivencia por primeira vez coa túa nai, cando tiñas 15 anos, os mesmos que teño agora eu?

Rosalía- Pois ao comezo, foi un pouco difícil afacerme aos seus costumes e botaba de menos as miñas tías, coas que estiven en Ortoño ata esa idade. Ademais, pasar de vivir nunha aldea á cidade de Santiago de Compostela supuxo un cambio grande. Mais teño que dicir que conservo fermosas lembranzas da aldea, que me axudaron a valorar a nosa terra, as nosas xentes, os nosos costumes e a nosa música tradicional.

Iago: Rosalía, xa para rematar, a Casa da Matanza, en Padrón, foi a túa derradeira morada. Que lembranzas tes daquel lugar

Rosalía: Pois os últimos anos da miña vida transcorreron na comarca de Padrón, que como xa vos dixen, foi o lugar onde pasei a miña infancia e boa parte da miña xuventude. Como o Pazo de Arretén xa non era da familia da miña nai, fun vivir ás Torres de Lestrove. Finalmente, trasladámonos á Casa da Matanza, na parroquia de Iria Flavia. Aínda que sufrín moita dor pola miña enfermidade, foi o mellor sitio onde puideren morrer. Irme de Galicia nunca me gustou, e só pensar que puidese falecer lonxe dela, xa me mataba. Alí deixei este mundo, pero en paz por ter regresado ás miñas orixes, á miña casa.

Iago: Pois en nome de todas e todos nós, moitas grazas, Rosalía. Moitos parabéns polo teu 189 aniversario e ata sempre!

